

**Clube Marítimo
Deportivo e Cultural**


BReOGAN

O GROVE • Nº 46- 3º TRIMESTRE 2017

EDITA: C.M.D.C. BREGÁN

Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: cmdcbreoganogrove@gmail.com

www.clubbreogan.org

Reinício da tempada de Xadrez

Resultados Galegos

Resultados nacionais

**O Pavillón de deportes náuticos
levará o nome de Tono Campos**

**Cto. de España e do mundo de
Maratón**

Cto. de Sprint Olímpico

**Cto. de España de xóvenes pro-
mesas**

**O Breogán, "millor equipo femi-
nino de Galicia 2016"**



**DEPORTE
GALEGO**



**GALICIA
SAUDABLE**

//ABANCA

Co comezo do curso a Sección de Xadrez retoma a actividade


Unha vez rematada a tempada estival e co inicio do curso escolar, como vén sendo habitual, retómase a actividade da sección de xadrez do Breogán do Grove.

Tras este parón vacacional, volve o deporte do taboleiro a estar coa súa actividade normal, coa posta en marcha da “Escola de Xadrez” e cos adestramentos dos membros do equipo de xadrez.

José M. Álvarez e Heladio Outeiro mantéñense

un ano máis ao fronte da nosa actividade xadrecística. E os horarios das clases da “Escola de Xadrez” mantéñense igual de en outras tempadas: os venres de 17,30 h. a 19,30 h., na aula do Pavillón de Deportes Náuticos.

Dende agora, inícianse os preparativos dos membros do equipo de xadrez para participar na Liga Galega de Xadrez, competindo unha tempada máis na Primeira División Galega. Liga que se iniciará no mes de xaneiro.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

PIRAGUISMO: Resultados Galegos

Campionato Galego de Pista Senior-Xuvenil (2 de xullo) Verducido. Os nosos representantes neste Campionato, fixéronse con catro medallas (3 ouros e 1 prata). Diego Romero, Medalla de Ouro C-1 home senior 1.000 m. Diego Romero e Miguel Fdez. Castro, Medalla de Prata C-2 home senior 1.000 m. Diego Romero-Miguel Fdez. Castro-Jacobo Domínguez-Cristian Ribademar, Medalla de Ouro C-4 home senior 1.000 m. E Lara Outón Medalla de Ouro C-1 muller senior 200 m.

Campionato Galego de Pista Cadete e Infantil (22 e 23 de xullo) Verducido. Cinco foron os metais acadados polos nosos padexeir@s neste campionato, e todos foron para padexeiros da categoría infantil: Carme Devesa, Subcampiona de Galicia K-1 muller infantil “B”; Valeria Oliveira, Subcampiona de Galicia C-1 muller infantil “B”; Yolanda Oliveira, Medalla de Bronce C-1 muller infantil “B”; Valeria Oliveira-Yolanda Oliveira, Subcampionas Galegas C-2 muller infantil “A”; Marta Mourellos-Carme Devesa, Medalla de Bronce K-2 muller infantil “A”. Quedándose moi preto da medalla, no 4º posto, o C-4 home cadete de Aarón Castro-Rodrigo Mouco-Iván Meis-Borja Lamas.

IV Regata da Liga Galega de Kaiak de Mar/SUP (22 xullo) a zona de Bouzas en Vigo, acolleu a IV Regata da Liga Galega de Kaiak de Mar/SUP e contou con participación de varios deportistas do Breogán do Grove.

Os resultados que se obtiveron foron os seguintes: Rut Otero, 1º K-1 muller senior; Ángela Rodríguez, 3º K-1 muller senior; Antía Naveiro, 2º K-1 muller



xuvenil; Simón Díaz, 3º K-1 veterano tradicional; Emilia Piñeiro, 4º K-1 muller veterana. Por equipos, destacou a actuación do equipo feminino, que obtivo a 2ª posición.

Travesía da Ría de Aldán (25 xullo), na Travesía da Ría de Aldán en K-4 e C-4, o Breogán do Grove puxo tres embarcacións en competición.

O C-4 home senior formado por Tono Campos, José M. Sánchez, Miguel Fdez. Castro e Lino Cabanelos, fíxose co primeiro posto con comodidade. Pola súa banda, Aarón Castro, Borja Lamas, Iván Meis e Daniel Mourellos, formaron o C-4 home xuvenil que se fixo coa Medalla de Bronce. Pola súa banda, o K-4 muller xuvenil composto por Ángela Rodríguez, Antía Naveiro, Lucía Devesa e Estela Buezas, rematou no 4º posto.

Campionato Galego de Kaiak de Mar Infantil (6 de agosto), Cabanas acolleu o Campionato Galego de Kaiak de Mar Infantil,

onde as nosas deportistas infantís obtiveron uns grandes resultados.

Marta Mourellos impúxose no K-1 muller infantil “A”, mentres que Carme Devesa facía o mesmo na K-1 muller infantil “B”. A nivel de equipos, o equipo feminino infantil do Breogán, proclamouse Subcampion Galego de Kaiak de Mar.

Campionato Galego de Kaiak de Mar Infantil (6 de agosto), Cabanas, en xornada de tarde foi o escenario do Campionato Galego de Kaiak de Mar/SUP; onde os nosos representantes se fixeron con un total de oito medallas: 5 ouros, 2 pratas e 1 bronce. Ademais de obter o título de Subcampionas acadado polo equipo feminino.

Resultados: Rut Otero, 1º K-1 muller senior; Antía Naveiro, 1º K-1 muller xuvenil; Ángela Rodríguez-Nerea López, 2º K-1 muller xuvenil; Eva Rodríguez, 2º K-1 muller veterana; Emilia Rodríguez, 3º K-1 muller veterana; Marta Rodríguez, 1º K-1

muller veterana tradicional; Daniel Mourellos, 1º SUP xuvenil; Aarón Castro, 1º SUP cadete.

Trofeo Princesa de Asturias (15 agosto) as piraguas volveron a encher a Ría de Pontevedra. A regata tivo dúas saídas, unha dende Portonovo, de onde saíron as embarcacións K-4 e C-4 das categorías de veteranos (home e muller), seniors (home e muller) e os homes xuvenil en K-4.

O resto das categorías fixérono dende Combarro en embarcacións K-2 e C-2; estando situada a liña de meta para todos os participantes na ponte do Burgo en Pontevedra.

Breogán tivo a presenza de dúas embarcacións en cada unha das saídas desta competición, e todas elas obtiveron un bo resultado.

Dende Portonovo partiu o C-4 home senior formado por Miguel Fdez. Castro, Diego Romero, Lino Cacabelos e José M. Sánchez; que chegou a meta na segunda posición. Dende esta mesma saída, partiu tamén o K-4 muller senior composto por Tania Álvarez, Ángela Rodríguez, Rut Otero e Antía Naveiro, que ocuparon a terceira posición, re-

mando boa parte da regata con unha avaría no timón.

Dende Combarro partiu o C-2 home xuvenil de Iván Meis e Daniel Mourellos, que ocuparon a terceira posición.

Tamén participou o C-2 home cadete de Aarón Castro e Borja Lamas, que rematou na cuarta posición na súa categoría.

Descenso Internacional do Miño (20 agosto), as augas do Miño ao seu paso por Tui, acolleron unha nova edición do Descenso Internacional, onde o Breogán presentou un total de once piraguas na liña de saída, e sete subíronse ao podium, colleitando: 2 ouros, 3 pratas e 2 bronce.

Resultados: Iván Meis-Borja Lamas, 1º C-2 home cadete; Camilo Ortíz, 1º C-1 home xuvenil; Diego Romero-Miguel Fdez. Castro, 2º C-2 home senior; Tania Álvarez, 2º K-1 muller senior; Lara Outón, 2º C-1 muller senior; Daniel Mourellos, 3º C-1 home xuvenil; Aarón Castro, 3º C-1 home cadete;

A nivel de equipos, o mellor resultado nesta regata foi para o Equipo Senior Feminino que ocupou o segundo posto.

VI Regata da Liga Galega de Infantís (27 agosto) Lugo foi o escenario da cuarta regata puntuable da Liga Galega de Infantís, onde destacaron as nosas padexeiros que se colgaron tres Medallas de Ouro: Carme Devesa, K-1 muller infantil “B”; Valeria Oliveira, C-1 muller infantil “B” zurda; Yolanda Oliveira, C-1 muller infantil “B” diestra.

Trofeo San Roque (3 setembro) en Portonovo disputouse o Trofeo San Roque; regata amistosa dirixida as categorías: benxamín, alevín e infantil.

Dende Breogán desprazamos a tod@s os dispoñibles a esta regata, que case marca o final da tempada; pendentes da celebración do Campionato de Galicia de Alevíns e Benxamíns, o vindeiro sábado en Vilanova de Arousa.

Os resultados máis destacados viñeron coas catro medallas que acadaron catro dos nosos deportistas de categoría infantil: Carme Devesa 1º K-1 muller infantil “B”; Valeria Oliveira 1º C-1 muller infantil; Yolanda Oliveira 2º C-1 muller infantil; Rubén Otero 3º C-1 home infantil “B”.

Baixada do Eume (3 setembro) Pontedeume, onde o Breogán contou con representación. Como sempre foi un río difícil polo seu percorrido con moitos rápidos, onde houbo moitas incidencias, afundimentos e roturas de piraguas.

Entre os nosos deportistas, destacou o segundo posto de Antía Naveiro (K-1 muller xuvenil) o tamén segundo posto de Eva Rodríguez (K-1 muller veterana) e o terceiro posto de Emilia Piñeiro (K-1 muller veterana). Na clasificación por equipos, destacou o primeiro posto do Equipo Feminino Xuvenil, e o segundo



posto do Equipo Feminino Veterano, que quedou a tan só un punto do primeiro clasificado na súa categoría.

Campionato Galego de Pista de Veteranos (10 setembro) Verdusco; onde os representantes do Breogán se fixeron con un total de 18 medallas (7 de ouro, 6 de prata e 5 de bronce). Ademais o Equipo Veterano Feminino, acadou o título de Campioas Galegas.

Medallas de Ouro: Lino Cacabelos e Miguel Fdez. Castro C-2 veterano "A" 1.000 m.; J. Antonio Bea, SUP veterano. 200 m.; Miguel Fdez. Castro C-1 veterano (35-39) 1.000 m.; Lino Cacabelos C-1 veterano (50-54) 1.000 m.; Rut Otero K-1 veterana (40-44) 500 m.; Isabel García, Emilia Piñeiro, Eva Rodríguez e Marta Rodríguez K-4 veterana 500 m.; Rut Otero SUP veterana 200 m.

Medalla de Prata: Lino Cacabelos, Miguel Fdez. Castro, Sami Grigore e Félix Lamas C-4 veterano. 1.000 m.; Lino Cacabelos e Miguel Fdez. Castro C-2 veterano "A" 200 m.; Rut Otero e Isabel García K-2 veterana "A" 500 m.; Rut Otero e Isabel García K-2 veterana "A" 200 m.; Emilia Piñeiro SUP veterana 200 m.; Rut Otero K-1 veterana (40-44) 200 m.

Medallas de Bronce: Miguel Fdez. Castro SUP veterano 200 m.; Eva Rodríguez K-1 veterana



(40-44) 500 m.; Eva Rodríguez e Marta Rodríguez K-2 veterana "A"; Eva Rodríguez SUP veterana 200 m.; Emilia Piñeiro K-1 veterana (35-39) 500 m.

Descenso do Sil (17 setembro)

O Barco de Valdeorras, @s nosos representantes obtiveron bos resultados no Descenso do Sil, regata que pon o punto e final a competición oficial do piragüismo galego. Entre os que destacaron: Antía Naveiro, 2º K-1 muller xuvenil; Ángela Rodríguez, 3º K-1 muller xuvenil; Eva Rodríguez, 2º K-1 muller veterana; Emilia Piñeiro, 3º K-1 muller veterana; Marta Rodríguez, 4º K-1 muller veterana.

Elena Naveiro, formou K-2 muller veterana con unha padexeira do Ciudad de Lugo, rematando no 2º posto.

Liga Provincial de Alevíns e Benxamíns, neste terceiro trimestre do ano continuou a actividade dos máis pequenos, coa disputa de diferentes regatas da Liga Provincial de Alevíns e Benxamíns.

O día 5 de agosto disputábase a 5ª regata desta Liga, o día 20 de agosto a 6ª regata celebrouse na Illa de Arousa; e a última regata de esta Liga Provincial foi o 9 de setembro en Vilanova de Arousa, que ao mesmo tempo foi o Campionato Galego para estas categorías.

Nestas regatas participaron os futuros campións do piragüismo como por exemplo Alex Barreiro, Xian Gondar, Xavier Torres, Héctor Porto, Emma Porto, Gema Lores, Mateo Feijoo, Álvaro Duro, Adrián Caneda, Joel Domínguez, Nicolás Allo, Xael Otero, etc.

CARPINTERÍA - CERRAJERÍA




www.groveal.com - info@groveal.com

Rúa Alexandre Bóveda, 87 bj.

36980 O GROVE

Tels. 986 733 844 672 230 770 652 449 213



PIRAGUISMO: Resultados Nacionais

Gran Premio Internacional de K-4, o sábado 15 de xullo disputouse o Gran Premio Feminino Gran Premio Internacional de K-4 “Ciudad de Valladolid”.

Tania Álvarez formou parte do K-4 da selección española nesta proba, formando equipo con Ana Varela, María Corbera e Lucía Arquero, e que obtivo a SEGUNDA posición, por detrás do equipo inglés.

55º Regata Internacional de Sanabria, o domingo 16 de xullo, disputouse no Lago de Sanabria (Zamora) a 55ª edición da Regata Internacional de Sanabria-Gran Premio de Castilla y León de K-4.

A breoganista Tania Álvarez formou parte do equipo feminino español que participou nesta regata, acadando o terceiro posto por detrás dos equipos de Hungría e Gran Bretaña.

Descenso Internacional do Río Sella, 5 de agosto (Arriondas e Ribadesella-Asturias).

Esta edición contou coa presenza de catro deportistas do Breogán do Grove, que participaron como compoñentes da Selección Española e rematando todos no podium.

Tono Campos e José M. Sánchez impuxéronse, un ano máis, no C-2 home senior. Categoría na que Miguel Fernández Castro foi segundo, formando C-2 co pontevedrés Óscar Graña.

Tamén subiu ao máis alto do podium Tania Álvarez gañando a categoría K-2 muller senior, facendo parella coa navarra Amaia Osaba.

Regata Internacional de Villaviciosa, 6 de agosto (Villaviciosa-Asturias). Despois dos grandes resultados obtidos no Descenso Internacional do Sella, @s nos@s deportistas deprazados a Asturias tomaron parte na Regata Internacional de Villaviciosa, subíndose os catro, de novo, ao podium.

Tono Campos e José M. Sánchez, volveron a gañar na categoría de C-2 home senior; mentres que Miguel Fdez. Castro repiteu o segundo posto, formando parella con Óscar Graña.

Tania Álvarez volveu a impoñerse na K-2 muller senior, incluso cambiando de parella, xa que nesta ocasión estivo acompañada por Eva Barrios.

II Copa de España de Maratón (media maratón), 12 agosto (Trasona-Asturias). O encoro de Santa Cruz de Trasona (Asturias) acolleu o II Copa de España de Maratón (media maratón), na que estiveron presentes dous deportistas do Breogán do Grove.

Tania Álvarez remou o K-2 muller senior con Lucía Arquero e acadaron a Medalla de Ouro.



Pola súa banda, o “incombustible” Lino Cacabelos, facendo unha vez máis unha demostración do seu pundonor, colgouse a Medalla de Prata no C-1 home veterano; despois de ir primeiro caseque toda a regata, pero un pequeno erro o levou a rematar na segunda posición.

XLIV Ascenso y Descenso del Carrión, 29 agosto (Palencia). O Breogán do Grove estivo representado por Jaime Sánchez, que ocupou o 6º posto no K-1 home sub 23.

53 Regata “Virgen del San Lorenzo”, 3 setembro (Valladolid). Estivo presente o breoganista, Jaime Sánchez que obtivo un meritorio 2º posto no K-1 home senior.



O Pavillón de Deportes Náuticos levará o nome de Tono Campos

O Pleno da Corporación do Grove celebrado o 25 de setembro aprobou unha moción pola que o Pavillón de Deportes Náuticos levará o nome de Tono Campos, e poráselle o nome de “Padexeiros Olímpicos” a unha rúa, en homenaxe aos tres padexeiros olímpicos do Grove: Joaquina Costa “Quini”, Fredí Bea e David Mascato.

Tono Campos, conta con 16 medallas en Campionatos do Mundo (15 na modalidade de maratón e 1 na de pista) sendo o piragüista español con máis medallas en Campionatos do Mundo de Maratón; destacando dúas medallas de Campión do Mundo de Maratón. Conta tamén con seis medallas en Campionatos de Europa.

Joaquina Costa “Quini”, olímpica nos Xogos Olímpicos de Barcelona 92, onde formou o K-2 nos 500 m. con Belén Sánchez, que se convertiu na primeira piragua feminina española en ser finalista olímpica.

Fredí Bea, participou en catro olimpíadas: Barcelona 92, Atlanta 96, Sydney 2000 e Atenas 2004, acadou catro Diplomas Olímpicos, destacando o 4º posto acadado no C-2 nos 500 m. en Sidney 2000.

David Mascato, tivo dúas participacións olímpicas: Sydney 2000 e Atenas 2004, acadando dous Diplomas Olímpicos; destacando o 4º posto acadado no C-2 nos 500 m. en Sidney 2000.



UNHA RÚA SERÁ NOMENADA COMO “PADEXEIRO OLÍMPICO”





CAMPIONATO DE EUROPA DE MARATÓN

Ponte de Lima (Portugal) acolleu o Campionato de Europa de Maratón 2017, onde estiveron presentes varios representantes do Breogán do Grove: Miguel Fernández Castro, Tania Álvarez, Lara Outón, Tono Campos e Jose M. Sánchez. Alí estiveron acompañados polo técnico José Luis Otero Padín.

O primeiro en competir foi Miguel Fdez. Castro na categoría de veteranos (mércores 27 de xuño), nunha proba que non entra dentro do programa do Campionato, pero que se pode considerar un Cam-




pionato de Europa Oficioso para Veteranos.

“Castro” colgouse a Medalla de Ouro no C-1 veterano (35-39).

O Campionato de Europa iniciouse o xoves 28 de xuño, onde

participou Tania Álvarez no K-1 muller sub 23, onde tivo algúns problemas co achicador e véndose obrigada a rematar nun honroso 5º posto.

Na xornada de tarde do xoves,



ILMO. CONCELLO DE
Grove



disputáronse as regatas de “Short Race” ou “Carreira Curta”, unha exhibición cunhas distancias bastante inferiores que as de maratón. Nestas probas tomou parte Lara Outón no C-1 muller senior, onde se fixo coa Medalla de Bronce mentres que Jose M. Sánchez no C-1 home senior rematou no 4º posto.

Tono Campos participou o sábado 1 de xullo no do C-1 home senior e proclamouse Subcampión de Europa, nunha regata moi disputada co actual Campión do Mundo, o húngaro Marton Kover, quen se impuxo no sprint final.

Lara Outón tomaba parte na regata do C-1 muller senior, onde realizou un papel moi digno, rematando na 6ª posición.

O domingo 2 de xullo remataba o Campionato de Europa de Maratón 2017, con Tono Campos e Jose M. Sánchez poñendo o broche de ouro, ao proclamarse Campións de Europa, nunha regata moi disputada co C-2 húngaro e actuais Campións do Mundo.





CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SPRINT OLÍMPICO

Do 7 ao 9 de xullo o Complexo Deportivo David Cal de Verducido acolleu o XLIX Campionato de España de Sprint Olímpico para categorías senior e xuvenil. Última regata puntuable para as Ligas e Copas de Pista a nivel nacional para estas categorías.

Os nosos padexeiros tiveron unha espectacular actuación, acadando un total de 17 medallas (seis títulos de Campións de España, nove de Subcampións de España e dúas Medallas de Bronce), rematando co Terceiro posto por clubs deste Campionato:

Medallistas:

- Diego Romero, Campión de España C-1 home senior 1.000 m.
- Noel Domínguez, Subcampión de España C-1 home xuvenil 1.000 m.
- Noel Domínguez, Subcampión de España C-1 home xuvenil 500 m.
- Diego Romero-Tono Campos, Campións de España C-2 home senior 1.000 m.
- Diego Romero-Tono Campos-José M. Sánchez-Miguel López, Campións de España C-4 home senior 1.000 m.
- Tono Campos-José M. Sánchez, Subcampións de España C-2 home senior 50 m.

- Tono Campos-José M. Sánchez-Adrián Fernández-Diego Romero, Subcampións de España C-4 home senior 50 m.

- Natalia García-Tania Álvarez, Subcampioas de España K-2 muller senior 500 m.

- Natalia García-Tania Álvarez-M^a Isabel García-Laura García, Subcampioas de España K-4 muller senior 500 m.

- Elena Naveiro, Campioa de España KL3 muller senior 200 m.

- Maria Calvo, Subcampioa de España KL3 muller sub 23 200 m.

- Maria Calvo, Campioa de España VL3 muller senior 200 m.

- Maria Calvo, Campioa de España VL3 muller sub 23 200 m.

- Elena Naveiro, Subcampioa de España VL3 muller senior 200 m.

- Daniel Mourellos, Medalla de Bronce C-1 home sub 17 200 m.

- Noel Domínguez-Daniel Mourellos, Subcampións de España C-2 home xuvenil 200 m.

- Lara Outón, Medalla de Bronce C-1 muller senior sub 23 200 m.





CAMPIONATO DE ESPAÑA DE XÓVENES PROMESAS

Os días 29 e 30 de xullo celebrouse en Trasona (Asturias), o Campionato de España de Xóvenes Promesas para cadetes e infantís.

O Breogán presentou un equipo formado por dez padexeir@s, que obtiveron uns bos resultados, rematando o campionato no posto 17º por clubs.

A nivel individual destacaron os títulos de Subcampioas de España que acadaron Carme Devesa (K-1 muller infantil "B") e Valeria Oliveira (C-1 muller infantil "B").

O resto dos resultados que obtiveron os nosos padexeir@s foron:

- Marta Mourellos, K-1 muller infantil "A": non pasou a contrarreloxo.

- Marta Mourellos-Carme Devesa, K-2 muller infantil "A": 9º

- Yolanda Oliveira, C-1 muller infantil "B": 7º

- Valeria Oliveira-Yolanda Oliveira, C-2 muller infantil "A": 4º

- Aaron Castro, C-1 home cadete "B": 3º Final "C".

- Aaron Castro-Rodrigo Mouco-Iván Meis- Borja Lamas, C-4 home cadete: 9º

- Iván Meis-Borja Lamas, C-2 home cadete: 2º Final "B"

- Pedro Díaz, C-1 home infantil "B": 1º Final "B".

- Pedro Díaz-Rubén Otero, C-2 home infantil "B"



zedtech
handmade custom kayaks



CAMPIONATOS DE EUROPA E DO MUNDO EN PISTA

CAMPIONATO DE EUROPA DE PISTA

Plovdiv (Bulgaria) acolleu o Campionato de Europa de Pista, onde o Breogán do Grove estivo representado por dúas padexeiros: Natalia García e Elena Naveiro.

Elena Naveiro formando parte do equipo español de paracanoé, participou no final da modalidade do KL3 muller, na distancia de 200 m., onde acadou un magnífico 5º posto. Pola súa parte, Natalia García participou no K-4 muller sub 23 nos 500 m., formando equipo con Mirian Vega, Estefanía Fernández e Raquel Dacosta. Tamén participou no K-2 muller sub 23 nos 200 m., xunto con Mirian Vega. En ambas as dúas competicións chegou ata a semifinais, onde ocupou o 5º posto, onde os tres primeiros pasaban á final.

CAMPIONATO DO MUNDO XUVENIL E SUB 23.

Do 27 ao 30 de xullo, disputouse en Pitesti (Romanía) o Campionato do



Mundo Xuvenil e Sub 23, onde estiveron presentes dous padexeir@s do Breogán do Grove: Natalia García e Noel Domínguez.

Natalia García formou parte do K-4 muller 500 m., con Camila Morison (C.N. Pontecesures), a catalana Laia Pelach, e a asturiana Mirian Vega, obtendo a sexta posición final.

Noel Domínguez participou no C-2 xuvenil 1.000 m., formando parella con Pablo Graña (Náutico Rodeira), rematando na 4ª posición, moi preto da Medalla de Bronce.

CAMPIONATO DO MUNDO DE PISTA DE PIRAGÜISMO

Do 23 ao 27 de agosto disputouse en Racice (República Checa) o Campionato do Mundo de Pista de Piragüismo, onde dentro da notable participación de padexeiros galegos, atópanse dous mecos formando parte da expedición.

Dentro do programa do Mundial, inclúe as regatas da modalidade de paracanoé (piragüismo adaptado), onde estivo presente a padexeira do Breogán do Grove,

HABITAT

Decoración



Elena Naveiro, que participou no KL3 e no VL3 muller senior.

Asimismo, estivo presente como adestrador axudante do equipo español de paracanoe, José Luis Otero Padín, que ademais é o adestrador de Elena Naveiro.

Na modalidade de KL3, Elena chegou ata a semifinais onde foi 5º, pero só as tres primeiras pasaban a disputar a final, quedándose a menos de un segundo do terceiro posto.

Na modalidade de VL3, a padexeria do Breogán do Grove, obtivo un meritorio 4º posto, moi preto da medalla de bronce.



ELESMA
INSTALACIONES

Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com



CAMPIONATO DO MUNDO DE MARATÓN

Pietermaritzburg (Sudáfrica) do 7 ao 10 de setembro, acolleu o Campionato do Mundo de Maratón, no que estiveron presentes catro membros do Breogán do Grove: Tono Campos, Jose M. Sánchez, Tania Álvarez e José Luis Otero Padín.

Nunha tempada moi dura e moi difícil, con problemas, con lesións, etc...

Con unhas condicións do lugar de celebración do mundial que non eran as máis favorables para os nos@s deportistas, onde tiveron tamén moitos problemas e adversidades no transcurso das regatas, con moito calor, baixóns, caídas, etc... Pero aínda así, dando a cara sempre e rematando as regatas cuns magníficos resultados.

Unha actuación ante a que nos temos que, unha vez máis, sacar o sombreiro e amosar o noso orgullo polo nivel que amosan estes



deportistas, ante os cales nos costa moito estar ao seu nivel, pero que seguiremos intentando.

Tono, Medalla de Bronce en C-1

Tono Campos, no C-1 home senior, nunha regata con moitos problemas dos que foi capaz de sobrepoñerse, fíxose coa Medalla de Bronce.

Tono e Jose, Medalla de Bronce en C-2

Repetiu metal no C-2 home senior, co seu compañeiro Jose M. Sánchez; a pesar de sufrir unha caída nun dos porteos.

Tania, Cuarta en K-1 e Sexta en K-2

Restaurante - Taberna

A TRAIÑA





Tania Álvarez facíase con un magnífico 4º posto no K-1 muller Sub 23, nunha dura loita coa representante británica. Asimesmo, obtivo un moi bo resultado no K-2 muller senior, onde acadou o 6º posto xunto con Lucía Arquer, sendo ambas as dúas deportis-

tas de categoría Sub 23. José Luis Otero Padín Tamén estivo presente neste mundial disputado en Sudáfrica José Luis Otero Padín na súa condición de técnico e responsable dos adestramentos destes deportistas.




Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz 

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

**Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión**

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



BREOGÁN DO GROVE, PREMIO O MELLOR EQUIPO FEMININO DE GALICIA DE 2016

O Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra (29 de setembro), acolleu a 5ª Gala do Deporte Feminino Galego, organizado pola Asociación de Mulleres Deportistas Galegas (MUDEGA) e a Deputación de Pontevedra. As padexeiras do Breogán do Grove foron galardoadas co premio ao Mellor Equipo Feminino de Galicia, pola gran tempada que realizaron en 2016. Recolleu o premio a Vicepresidenta do Breogán do Grove, M^a Antía Rodríguez Aguín.

Nun acto no que estiveron presentes a Presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, a Secretaria Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Marta Míguez, e a Deputada Provincial de Deportes Chelo Besada. Neste acto tamén recibiu un recoñecemento Teresa Portela, pola súa participación nos Xogos Olímpicos de Río 2016.

